

NORMATIVA SOBRE ACCESIBILIDADE ELECCIÓN MAIO 2019:

- Artigos 3 e 87 Lei Orgánica 5/1985 do réxime electoral xeral
- Regulamento sobre as condicións básicas para a participación na vida política e os procesos electorais. (Real Decreto 422/2011, do 25 de marzo).
- Real Decreto 1612/2007, do 7 de decembro sobre o procedemento de votación accesible (con documentación complementaria en braille).
- Orde INT/3817/2007, do 21 de decembro, pola que se desenvolve o procedemento de voto accesible que facilita ás persoas con discapacidade visual o exercicio do dereito de sufraxio, regulado no Real Decreto 1612/ 2007, do 7 de decembro

INFORMACIÓN E CONSULTAS:

Teléfono información xeral: 060

Teléfono voto accesible: 900 150 000

www.infoelectoral.mir.es

infoelectoral@interior.es

RECOMENDACIÓNS PARA DIRIXIRSE AOS VOTANTES CON DISCAPACIDADE:

1. Actúe con naturalidade e respecto.
2. Pregunte antes de axudar.
3. Utilice o sentido común.
4. Sexa prudente co contacto físico.
5. Facilite o acceso ao local electoral e o itinerario cara á Mesa electoral.

Tríptico elaborado por:

- O Ministerio do Interior
- Oficina de Atención á Discapacidade (Consello Nacional da Discapacidade).
- Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social.

GUÍA DE ACCESIBILIDADE.

ELECCIÓN MAIO 2019

VERSIÓN EN LECTURA FÁCIL

LOCAIS E MESAS ELECTORAIS ACCESIBLES

Os locais electorais terán un espazo accesible, preto da mesa electoral, onde os votantes poidan elixir as papeletas en privado.

As persoas que integran as mesas velarán para que se poida votar con autonomía.

PERSOAS QUE INTEGRAN AS MESAS ELECTORAIS

- As persoas que compoñen a Mesa electoral reciben unha notificación e un manual.

- Calquera solicitude ou queixa sobre accesibilidade hase de enviar á Xunta Electoral de Zona.

- As persoas xordas, logo de recibir a notificación teñen 7 días para solicitar un servizo gratuíto de intérprete de lingua de signos, ou un bucle de indución, segundo o necesiten. Hase de solicitar por escrito á Xunta Electoral de Zona.

PROCEDEMENTO DE VOTACIÓN ACCESIBLE PARA PERSOAS CEGAS QUE SAIBAN LER BRAILLE.

As persoas cegas que saiban braille poden solicitar o procedemento chamando ao Ministerio do Interior 900 150 000, do 2 ao 29 de abril . Este procedemento de votación é presencial. O voto presencial en mesa electoral é incompatible co voto por correo.

NOTA IMPORTANTE: O MALETÍN DE VOTACIÓN ACCESIBLE PARA CEGOS ENTRÉGASE NA MESA ELECTORAL.

Se unha persoa cega solicitou o procedemento, o día das eleccións na mesa electoral haberá:

1. Un listado co DNI dos solicitantes. O maletín entregárase na mesa electoral só a quen estea nese listado.

2. Un maletín para as eleccións ao Parlamento Europeo e outro para as eleccións Autonómicas, co contido seguinte en cada un deles:

- Guía en braille sobre como utilizar a documentación que hai dentro do maletín.

- Un sobre de votación.

- Un sobre grande que conterá varios sobres (etiquetados en tinta e braille) co nome das candidaturas.

Dentro de cada sobre estará a papeleta (estándar) correspondente.

Recoméndase ao votante que trala votación se leve o kit e o material sobrante, para asegurar o segredo do voto emitido.

RECOMENDACIÓNS XERAIS

1. Actúe con naturalidade e respecto.

As persoas con discapacidade son autónomas e independentes, e como tales deben ser tratadas.

2. Pregunte antes de axudar.

Antes de actuar infórmese de como pode axudar; sempre deberá dirixirse á persoa con discapacidade, non ao seu acompañante.

3. Utilice o sentido común.

Se ten algunha incidencia e non sabe como actuar, contacte co Presidente ou a Presidenta de mesa ou co representante ou a representante da Administración no local electoral. Se se formasen colas, é recomendable que as persoas con mobilidade reducida voten primeiro.

4. Sexa prudente co contacto físico.

Algunhas persoas con mobilidade reducida dependen dos seus brazos para manter o equilibrio, polo que debe evitarse ese contacto.

5. Facilite o acceso ao Local electoral e á Mesa electoral.

